

**I.E.S. “ARCEBISPO XELMIREZ II”**



**PROGRAMACIÓN DE MÚSICA**

**CURSO 2017-2018**

***DEPARTAMENTO DE MÚSICA***

***Xefa de departamento: M<sup>o</sup> del Carmen Cobo Dominguez***

<b>1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>3</b>
1.1 Centro	
1.2 Alumnado	
1.3 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado.....	7
1.3.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria.....	10
1.3.2. Obxectivos do bacharelato.....	13
1.4. Departamento de música.....	16
<b>2 .CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>16</b>
<b>3. CONCRECIÓN SE É O CASO, DOS OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O CURSO.....</b>	<b>20</b>
<b>4.CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTE.22 ASPECTOS:TEMPORALIZACIÓN,GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE , PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	
4.1 Segundo da eso.Programación de aula.....	23
4.2 Terceiro da eso...Programación de aula.....	97
4.3 Cuarto da eso.....Programación de aula.....	141
4.4 Primeiro de bacharelato...Programación de aula.....	242
4.5 Segundo de bacharelato...Programación de aula.....	
<b>5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....</b>	<b>275</b>
<b>6. MATERIAIS E RECURSOS.....</b>	<b>286</b>
<b>7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN , CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.</b>	<b>289</b>
7.1 Criterios de avaliación.....	289
7.2. Criterios de cualificación.....	295
7.3 Criterios de promoción.....	296

<b>8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....</b>	<b>300</b>
<b>9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</b>	<b>300</b>
<b>10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, EN BACHARELATO.</b>	<b>301</b>
<b>11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>301</b>
<b>12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.....</b>	<b>302</b>
<b>13. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....</b>	<b>303</b>
<b>14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....</b>	<b>304</b>
<b>15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.....</b>	<b>304</b>
<b>16. NORMAS ESPECÍFICAS DE COMPORTAMENTO NA AULA DE MÚSICA.....</b>	<b>304</b>

## **1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

DATOS DO CENTRO: IES Arcebispo Xelmírez II Rúa Irmandiños, 15, 15704 (Santiago de Compostela) Telefonos: 981 561 435 - 981 561 835 Fax: 981 557 065 e-mail: ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.es

OS CONDICIONAMENTOS DO CENTRO EDUCATIVO. Temos que subliñar que o noso alumnado procede fundamentalmente de estratos económico-sociais baixos ou medio-baixos situados na zona da bisbarra santiaguesa así como nos concellos limítrofes do norte como Trazo e Oroso, cun nivel cultural relativamente empobrecido, tanto no referente a intereses como a destrezas intelectuais. Este feito vai a condicionar fortemente as estratexias didácticas e os recursos a utilizar no proceso educativo. O carácter supostamente teórico que se lle confire a nosa disciplina é un prexuízo engadido co que temos que enfrontarnos. Así mesmo, os diferentes graos evolutivos de desenrolo do pensamento formal do noso alumnado esixen que se teña que volver á metodoloxía máis activa posible. Tense que complementar esta coa utilización dos métodos audiovisuais e a introdución das TIC . A avaliación continuada como recurso non só de control senón como incentivo do esforzo persoal e o seguimento diario das actividades do alumnado reforzan a súa motivación. En gran parte debido os cambios de orientación no ámbito educativo e tamén na sociedade na que está desenvolvéndose o noso alumnado, unha grande parte dos esforzos dentro da aula resultan estériles ademais de consumirse excesiva enerxía e tempo en cuestións disciplinares, especialmente nos niveis educativos obrigatorios ante a aparición dos denominados "obxectores

escolares". Dese xeito e como recollen amplamente as enquisas sobre a opinión do profesorado sobre estas materias, estaríamos inda lonxe dunha ensinanza individualizada que permita atender á diversidade e, por suposto, elaborar e poñer en práctica as adaptacións curriculares pertinentes, canto máis tendo en conta que nos últimos anos vimos recibindo como alumnado, mesmo en niveis non obrigatorios, alumnos con discapacidades intelectuais e físicas aos que se pretende "integrar" así como un número paulatinamente progresivo de individuos de minorías étnicas e inmigrantes.

A procedencia do alumnado nos cursos de maior afluencia ao centro (1º de E.S.O. e 1º de bacharelato) é variable en cada curso académico. En 1º de E.S.O. o alumnado procede maioritariamente do C.E.I.P. Arquitecto Casas Novoa (A Sionlla), do C.E.I.P. de Vite I, do C.E.I.P. de prácticas López Ferreiro, do C.E.I.P. Apóstolo Santiago, todos eles centros de primaria adscritos ao noso centro, os dous últimos de xeito compartido co I.E.S. A. Xelmírez I e o I.E.S. de Sar respectivamente; en menor medida, recíbese alumnado procedente doutros centros de primaria da contorna, como o C.E.I.P. Monte dos Postes, o Colexio Xuventude ou o Colexio Vilas Alborada. Por outra banda, existe unha cantidade non despreziable de alumnado procedente directamente do estranxeiro e non escolarizado

anteriormente no sistema educativo español. Hai que salientar tamén que as incorporacións de alumnado ao centro nalgún curso de E.S.O. distinto ao 1º é habitual, e neste caso a procedencia maioritaria é do estranxeiro. Tamén é habitual que estas incorporacións se produzan en momentos diferentes do inicio do curso. En 1º de bacharelato o alumnado procede maioritariamente do propio centro (cursou no propio centro 4º de E.S.O. o ano académico anterior), do I.E.S. de Oroso, e do C.P.I. Viaño Pequeno de Trazo; de xeito máis residual proceden doutros centros da cidade, sobre todo privados concertados na secundaria obrigatoria. A incorporación de alumnado procedente do estranxeiro non é significativa nesta etapa.

Situación económica e cultural do alumnado e as familias. Como se desprende dos datos anteriores, a maioría do noso alumnado procede ben do ámbito rural ou semirural dos arredores da parte norte de Santiago, ou ben de barrios da capital limítrofes co centro. En xeral, nos seus fogares o nivel económico e cultural é medio baixo. aparte da presenza significativa de alumnado inmigrante, hai que destacar a presenza dunha comunidade xitana tamén significativa na etapa de E.S.O., cunha proporción maior que a que se observa no conxunto da cidade e mesmo do barrio. Isto débese, entre outros factores, a que parte deste alumnado estuda neste centro a pesar de residir

Usuario 10/9/16 19:12

Deleted:

considerablemente lonxe del, mesmo fora do concello, o cal fai tamén que as súas características non sexan uniformes en canto a centro de procedencia, nivel cultural e económico, nivel académico e outros factores, o cal repercute en que as súas necesidades son tamén diversas. A presenza da comunidade inmigrante na etapa de bacharelato é moito menor, en torno ao 4% do total, e a do alumnado de etnia xitana é practicamente nula, xa que excepcionalmente se conta con algún alumno matriculado, aínda que non é o habitual.

Profesorado. A idade promedio do profesorado está no entorno dos 50 anos, e a antigüidade no corpo arredor dos 25. Trátase por tanto de profesorado con gran experiencia nas tarefas docentes e cunha gran estabilidade no centro. Os novos currículos para a Educación Secundaria Obrigatoria especifican que pretenden dar resposta e *actualiza-los programas desde unha perspectiva científica, social e didáctica*. Analizando as orientacións xerais da Etapa e as específicas para cada área extráense un conxunto de principios marco que garantirán a coherencia entre cursos e áreas do Proxecto Curricular. Estes principios son: impulso ó nivel de desenvolvemento do alumno e a súa capacidade de aprender a aprender, favorecer a transferencia entre os contidos e estimular a cooperación.

*Impulsa-lo nivel de desenvolvemento do alumno* Este principio exige considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos. A investigación psicopedagóxica desenvolvida neste terreo demostrou que as capacidades características do pensamento abstracto maniféstanse de xeito moi diferente dependendo dos coñecementos previos dos que parten os alumnos. Por iso, o estímulo ó desenvolvemento do alumno exige compaxinar o sentido ou significación psicolóxico e epistemolóxico. Trátase de harmonizar o nivel de capacidade, os coñecementos básicos e a estrutura lóxica da disciplina. Para isto, será necesario que os contidos sexan relevantes e que se presenten organizados.

***Promove-lo desenvolvemento da capacidade de "aprender a aprender"*** Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles ós alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse eficaz e construtivamente na sociedade en que viven para que, finalmente, incluso poidan cooperar de maneira persoal a esas transformacións. Os currículos actuais, aínda destacando a vertente conceptual nos contidos, subliñan nos obxectivos xerais da Etapa, nos obxectivos das áreas e nos



criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análises, esquemas, busca e selección de información significativa, etc.) que vaian artellando estratexias de aprendizaxe autónoma. Isto materializa unha das dimensións da educación unidas ó desenvolvemento da función titorial e orientadora a través da docencia: ensinar a pensar e ensinar a decidir.

*Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos.*

Na Educación Secundaria Obrigatoria, é a área , a forma básica de estruturación dos contidos. Esta forma de organización curricular facilita, por un lado, un tratamento máis profundo e rigoroso dos contidos e contribúe ó desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Non obstante, a fragmentación do coñecemento pode dificultar a súa comprensión e aplicación práctica. Debido a isto, é conveniente amosa-los contidos relacionados, tanto entre os diversos bloques compoñentes de cada área, como entre as distintas áreas. Isto pode facerse por medio dos contidos transversais, construindo conceptos claves comúns e subliñando o sentido dalgunhas técnicas de traballo que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento.

*Contribuir ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación.* Investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar

no desenvolvemento dos alumnos. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial. A interacción entre alumnos inflúe decisivamente no proceso de socialización, na relativización de puntos de vista, no incremento das aspiracións e do rendemento académico. Os obxectivos da Etapa, os obxectivos das áreas e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensino-aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

-Correspondencia entre o currículo e a programación: Si nos cinguimos os principios didácticos do currículo xa expostos no apartado anterior, atopamos bastantes dificultades no seu grao de consecución na materia de música, sobre todo nos cursos de E.S.O , principalmente no 2º curso de E.S.O, no que conflúe alumnado moi diverso: repetidores, alumnos con programas especiais ( E.C.I ), alumnos con discapacidades, alumnos de etnia xitana que son por unha parte os mais reacios a integración cos máis compañeiros e con falta de interese por aprender na maioría dos casos. No resto dos cursos 3º,4º, 1º e 2º de bacharelato vanse conseguindo estes obxetivos.

1,3,1-OBXECTIVOS DE ETAPA\_ESO (currículo LOMCE)

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo.

respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1,3,2.-OBXECTIVOS DE ETAPA\_BAC (currículo LOMCE)

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. OBXETIVOS

#### ESPECÍFICOS DA ÁREA DE MÚSICA

A ensinanza da Música nesta etapa terá como finalidade o desenrolo das seguintes capacidades:

Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e recursos tecnolóxicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.

Desenrolar e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a interpretación (vocal, instrumental e de movemento e danza) e a creación musical, tanto individuais como en grupo.

Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento.

Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural.

Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información medios audiovisuais, Internet, textos, partituras e outros recursos gráficos para o coñecemento e disfrute da música.

Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución as distintas actividades musicais.

Participar na organización e realización de actividades musicais desenroladas en diferentes contextos.

Comprender e apreciar as relacións entre a linguaxe musical e outros linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.

Elaborar criterios persoais mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiáns e valorando a súa contribución a vida persoal e a da comunidade..

Valorar o silencio e o son como parte integral do medio ambiente e da música, tomando conciencia dos problemas creados pola contaminación acústica e as súas

### 1.3.2 : Obxectivos no bacharelato

Según o artigo 26.0 bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

#### **Obxectivos específicos da área de música**

- Aprender a empregar axeitadamente os recursos vocais, a non falar por riba das nosas posibilidades e a evitar o

ruído ambiente.

-Manexar unha técnica vocal básica que evite patoloxías da voz e das cordas vocais.

- Ser quen de utilizar correctamente o rexistro máis axeitado da voz.

- Coñecer e empregar as técnicas básicas de preparación da voz, na tesitura e colocación axeitada.

- Aprender a controlar a respiración ao mesmo tempo que se canta ou fala.

- Aprender as posibilidades técnicas da voz e gozar co canto en grupo.

- Desenvolver os coñecementos básicos que permitan a improvisación e a creación vocal individual.

- Coñecer, respectar e divulgar o repertorio musical vocal de Galicia, tanto o derivado do folclore e da música popular, como o propio da música clásica.

- Respectar a música propia como sinal de identidade dun pobo.

- Recoñecer as formas vocais doutras culturas como base de riqueza intercultural dos nosos tempos.

- Identificar e/ou interpretar as cancións e formas vocais propias da cultura occidental, así como doutras culturas, enmarcándoas nos seus respectivos eixes cronolóxicos, preferentemente con acompañamento instrumental.

- Colaborar na comprensión doutras culturas e civilizacións a través da súa achega ao mundo musical.

- Aprender a compartir, canalizar as emocións e os sentimentos a través do canto e da súa práctica en grupo.

- Recoñecer e valorar o gozo que proporciona a cada persoa o feito de cantar, individualmente ou en grupo, con ou sen acompañamento instrumental.

- Coñecer a evolución e características da voz humana e do canto ata hoxe en día.

-Utilizar a voz, o corpo, obxectos e instrumentos para expresar as propias ideas e sentimentos

- Interesarse polas manifestacións musicais procedentes doutras culturas

- Expresar de xeito adecuado as propias opinión e escoitar con respecto as opinións nos temas a debate sobre cuestións do currículo que xurdan na aula.

- Comprender as técnicas básicas de composición, creando unha composición musical utilizando un programa informático, o móbil, et

- Practicar a lectura de partituras sinxelas, comprendendo os signos musicais novos e interpretalas coa frauta ou outro instrumento melódico

- Escoitar pezas musicais de distintas épocas e culturas, analízalas desde o punto de vista da linguaxe musical e situálas nun contexto espazo temporal

- Escoitar pezas musicais variadas e apreciándoas como



fonte de coñecemento, enriquecemento cultural e goce persoal

- Participar con disposición e superando os prexuízos nas danzas que se realicen na aula, apreciando o aspecto lúdico e o enriquecemento que se produce nas actividades de grupo.
  - Comprender o aspecto da música como linguaxe, valorando a súas funcións dentro das producións audiovisuais e artísticas máis habituais
  - Utilizar de forma autónoma diversas fontes de comunicación, internet, textos, partituras para o coñecemento
- Horas lectivas nos distintos cursos:

#### 1.4: Departamento de Música.

Xefa de departamento : Dona M<sup>a</sup> Carmen Cobo Dominguez

Grupos e horas asignadas o departamento de música

curso	materia	Nº grupos	Horas/grupo	Horas totais
2º ESO	música	3	2	6
3º ESO	música	3	2	6
2º Bach	H <sup>a</sup> da música e danza	1	3	3
1º BACH	L.P.M	1	4	4
	Xefatura de departamento			1
	Gardas :2	Titoria:1 alumnos		2+1
HORAS TOTAIS DO DEPARTAMENTO				23

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de

comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia

## **2. AS COMPETENCIAS NA ÁREA DE MÚSICA**

As principais competencias que se desprenden do currículo oficial refírense os seguintes aspectos presentes nos materiais didácticos:

a) Competencia en comunicación lingüística  
Enriquecemento dos intercambios comunicativos, adquisición e uso dun vocabulario musical básico e de destrezas de lectura e escritura que permiten expresar opinións, vivencias e xuízos críticos que favorecen o seu uso na análise musical.

Uso de distintos tipos de notación musical: partituras co nome das notas, musicogramas e todas as actividades que axuden o final da educación obligatoria a unha mellor comprensión da linguaxe oral e escrita en múltiples contextos e usos.

Integración do linguaxe musical e do verbal. Comprensión de textos que explican cada elemento e a relación da música con outras áreas do saber.

Comprensión das órdenes instructivas que se enuncian nas actividades.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Desenrolo do pensamento matemático a través da práctica dos conceptos matemáticos intrínsecos da teoría musical. Potenciación de procesos de pensamento como a dedución de proporcións rítmicas e a geometría da forma musical. Potenciación da inducción a través da audición activa. Mellora da calidade do medio ambiente:

Reflexión sobre o ruído, a contaminación sonora no uso cotidián da música e o ruído que se xenera o ensaiala. Necesidade xerar hábitos saudables.

Prevenición de problemas de saúde a través dos contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparato respiratorio.

c) Competencia dixital Uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música con un coñecemento dos medios audiovisuales relacionados

co a difusión desta.

Coñecemento das posibilidades da informática na creación musical, dos distintos formatos de son e de audio dixital e as técnicas de tratamento e grabación do son relacionados coa produción de mensaxes musicais, audiovisuales e multimedia. Aprovechamiento da música como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe relativos o uso de tutoriales e de profundización sobre aspectos musicais relacionadas co tratamento da información para obter a que se refire a música. Integración da música en actividades de lecer tanto nos aspectos creativos como de búsqueda de información sobre eventos musicais.

Uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución dos dereitos de autor.

d) Competencia para aprender a aprender

Potenciación das habilidades de atención, concentración e memorización a través da música. Potenciación de capacidades e destrezas necesarias para o aprendizaxe musical e extrapolación a outras materias: dedicación, esforzo, tenacidade, responsabilidade, orden, expresividade..

Consideración da importancia no estudo da música tanto para o seguemento das consignas guiadas do profesor ou profesora como do aprendizaxe autónomo. escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e incorporarlala no seu bagaxe cultural artístico. Toma de conciencia sobre as propias posibilidades e utilización de distintas estratexias de aprendizaxe para mellorar a xestión e o control eficaz dos propios procesos de aprendizaxe. Motivación prolongada para alcanzar os obxectivos propostos dende a autoconfianza no éxito do propio aprendizaxe, extrapolando os aprendizaxes adquiridos dentro del aula o mundo exterior promovendo así a investigación e a curiosidade intelectual.

e) Competencias socialis e cívicas

A participación en actividades de escoita directa de interpretacións musicais e das relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren un traballo individual e compartido. Aproveitamento das actividades de interpretación colectiva a fin de adquirir habilidades para relacionarse cos demais.

Participación en experiencias musicais colectivas para avaliar as propias acciónes e as dos outros integrantes do grupo, e responsabilizarse da consecución dun resultado.

Empregoo na aula de música de varios contextos socialis e culturais para mellorar a comprensión e a interiorización da pluralidade cultural.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Potenciación do traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación, a improvisación e a composición son claros exemplos de actividades que requiren unha planificación previa e adopción de decisions para obter os resultados desexados. Desenrolo a través de actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical de capacidades e habilidades tales como a perseverancia, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima (factores clave para a adquisición de esta competencia).

Composición, interpretación e avaliación de proxectos musicais individuais ou colectivos como medio de fomentar a confianza, a creatividade, a responsabilidade e o sentido crítico. Planificación previa e toma de decisions para obter os resultados desexados nos ámbitos da interpretación. Valoración da innovación en música e da importancia da imaxinación para crear. Recoñecemento e aceptación do propio talento musical buscando recursos para potenciálo. Capacitación para xestionar o risco que comporta a interpretación en público e manexar a incertidumbre. Potenciación das cualidades de liderazgo para dirixir un grupo musical e capacidade para traballar individualmente e en equipo.

g) Conciencia e expresións culturais

Capacidade de comprender o medio artístico musical a partir da propia experimentación. Sentirse músico para entender o contexto que rodea a quenes practican esta actividade. Apreciación e avaliación das manifestacions culturais e musicais a través da audición e actividades de expresión e comunicación con músicas con diferentes culturas, épocas e estilos. Potenciación de actitudes abertas e respetuosas, ofrecendo elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto as manifestacións musicais a través do uso dos elementos da música nas composicións. Adquisición de habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación e a composición tanto individual como colectiva, que a súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade. Comprensión do feito musical e consideración do mesmo como fonte de lecer e enriquecemento personal. Potenciación de actitudes abertas e respetuosas, ofrecendo elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto as manifestacións musicais, establecendo conexións con outros linguaxes artísticos e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra. Neste proxecto establécese unha proposta que arranca por considerar que a educación musical presenta unha triple dimensión : Como linguaxe. Como expresión estética. Como medio de comunicación. Estes tres aspectos aparecen reflectidos ó

longo de cada unidade, de forma que se contemple unha linguaxe capaz de expresar emocións, ideas e sentimentos. En liñas xerais, este traballo caracterízase polos seguintes aspectos. Encerra unha metodoloxía globalizadora. Contémplase o papel activo do alumno como protagonista do proceso de aprendizaxe. Considera ó profesor como motivador e dinamizador do proceso educativo. Desde un punto de vista xenérico, o Proxecto Curricular, así como as programacións de cada unha das unidades didácticas, baséanse nos principios de intervención educativa xa sinalados e que se concretan da seguinte forma:

- a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento.
- b) Dáse prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- c) Propíciense oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobalo.
- d) Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ó que se aprendeu, de modo que o alumno poida analiza-lo seu progreso respecto ós seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma. A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e

crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos:

"Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa;

"Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas

para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical;

"Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente,

"Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

**4-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTE ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

OS CONTIDOS DO CURRÍCULO OFICIAL. ORGANIZARONSE EN CATRO BLOQUES:

1. Interpretación y creación
2. escoita
3. Contextos musicais e culturais
4. Música e tecnoloxías

Os catro están relacionados entre sí, xa que comparten múltiples contidos, pero esta división permite que sexa máis abordable o seu estudo.

1. Interpretación y creación integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e composición musical, o cal permitirá os estudantes participar da música dunha forma activa, como músicos.
2. escoita pretende crear a primeira actitude fundamental hacia este arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para disfrutar del mismo a través de la audición y comprensión do feito musical.
3. Contextos musicales y culturales relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico.

4. Música e tecnoloxías pretende abarcar o coñecemento e a práctica da interacción entre a música e as novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido a cercanía que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado de Educación Secundaria Obligatoria, polo que se pretende xerar una vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utilizan habitualmente e a música dentro del aula.

No libro Música I ( 2º de E.S.O ) traballanse máis os contidos dos apartados 1, 2 y 4.

No libro Música II ( 3º de E.S.O ) incidese máis nos contextos musicais e culturais, e se incorporan os aprendizaxes levados a cabo no libro Música I. En música de 4º, Traballase mais o bloque de música e tecnoloxía co manexo de programas de informática musical. En 1º e 2º de bacharelato incidese por igual en tódolos bloques.

## 2º de ESO

	Música. 2º de ESO			
Obxectivos	contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Interpretación e creación			
n ñ m	B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical	B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.	MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	CCEC CCL
	B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.		MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	CMCCT CCEC
	B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión			



Música. 2º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>musical: características xenéricas e formais.</p> <p>B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.</p> <p>B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p> <p>B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.</p>		<p>MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</p>	<p>CMCCT CCEC</p>
n	<p>B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.</p>	<p>B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas</p>	<p>MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a</p>	<p>CCEC</p>

Música. 2º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		e de tempo, etc.).	intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	
n g	<p>B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.</p> <p>B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.</p>	B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	CAA CCEC
			MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.	CAA CCEC
a b d	<p>B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.</p> <p>B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a</p>	B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando	MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	CAA CCEC
			MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que	CCEC

	Música. 2º de ESO			
Obxectivos	contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.	ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	<p>permitan unha correcta emisión da voz.</p> <p>MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p> <p>MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</p> <p>MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</p>	<p>CCEC</p> <p>CCEC</p> <p>CAA CCEC</p>
a n	B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con	B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	<p>MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</p> <p>MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e</p>	<p>CAA CCEC</p> <p>CSIEE</p>

	Música. 2º de ESO			
Obxectivos	contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.</p> <p>B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.</p>		<p>respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>	
g n d ñ	<p>B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.</p> <p>B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</p>	<p>B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p>	<p>MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p>	CCEC
			<p>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas</p>	CCEC

Música. 2º de ESO				
Obxectivos	contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	
			MUB1.6.3. A mosca e a apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	CSC
*Recursos informáticos: Ordenador.Fonoteca,e videoteca*

*1º de bacharelato: Linguaxe e práctica musical sen libro impreso impreso , utilizamola rede que nos proporciona os mapas conceptuales que nos cotexamos e ampliamos según o temario proposto na programación . Empregamos como guía o chamado Lineas musicales.*

*2º de bacharelato: A historia da música e a danza , sen libro obrigatorio pero empregamos como referencia e consulta o que ofrece a editorial Almadraba que temos na aula , empregamos e facemos mapas conceptuales como repaso.*

## **7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN; CUALIFICACIÓN; E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A avaliación do rendemento ao longo do curso constará de tres fases:

1. **Avaliación inicial:** na que posiblemente a través dunha proba escrita trataremos de saber o nivel de coñecementos do alumando para dese xeito traballar con eles de xeito personalizado.
2. **Avaliación do proceso de ensino aprendizaxe:** será continua e para ela utilizaráse o procedemento da observación. Cando se advirta que un alumno/a non progresa adecuadamente adoptaranse as medidas de reforzo e os cambios necesarios na práctica docente.
3. **Avaliación dos coñecementos:** trimestralmente e mediante probas escritas e orais, coñeceremos o grado de consecución dos obxectivos. De non chegar ao mínimo esixido, o alumnado deberá realizar as actividades de recuperación programadas.

### **Criterios de avaliación a ter en conta**

Entoar con unha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou canción con ou sin acompañamento.

Mediante este criterio evaluaráse a capacidade do alumno ou alumna para aplicar, na interpretación de unha melodía ou canción, unha correcta técnica vocal, controlando a respiración, a emisión e a articulación. Asimesmo valoraráse a capacidade para cantar entonada e afinadamente un fragmento tonal ou modal aplicando as indicacións expresivas presentes na partitura e adecuando a propia interpretación a do conxunto.

Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así como o acento periódico, e interiorizarlo para mantélo durante breves períodos de silencio.

Con este criterio tratase de avaliar, a partir da audición de unha obra ou fragmento musical, en qué grado o alumno ou alumna e capaz de percibir o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como de identificar o acento periódico base do compás.

Valoraráse a súa capacidade para lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita, a posteriori, unha adecuada execución rítmica, de forma individual ou colectiva, a través da práctica de actividades de danza e movemento.

Identificar e executar, instrumental o vocalmente, estruturas e desenrols rítmicos e/ou melódicos simultáneos, extraídos dunha obra breve ou fragmento, con ou sin cambio de compás, nun tempo establecido.

Con este criterio de avaliación valoraráse a capacidade do alumno ou alumna para interpretar una obra breve ou fragmento musical, instrumental ou vocal, sentindo internamente el pulso e encadenando diversas fórmulas

rítmicas e/ou melódicas adecuadas a este nivel dentro do tempo establecido, utilizando a disociación auditiva e motriz e, aplicando, si procede, as equivalencias nos cambios de compás. Asimesmo valorarásese en qué grado e capaz de solventar con autonomía as dificultades encontradas durante a interpretación introducindo as medidas correctivas adecuadas.

Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado, de maneira tanto individual como conxunta.

Con este criterio de avaliación valorarásese a capacidade creativa e expresiva do alumno ou alumna, a través da práctica de variantes de fórmulas rítmicas conocidas ou improvisando libremente sobre as mesmas axustándoas o pulso e o compás do fragmento escoitado. Asimesmo avaliarásese a súa capacidade de coordinación co grupo adecuando a propia interpretación a do conxunto.

Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpegiados a partir de diferentes alturas.

A través deste criterio valorarásese a capacidade do alumno ou alumna para reproducir un mesmo esquema melódico dende calqueirar altura, a partir da audición de fragmentos musicais variados, mantendo a interválica do modelo, e entendendo a tonalidade como un feito constante.

Asimesmo mediante este criterio avaliarásese a capacidade para identificar, a través da audición, da práctica ou da lectura musical, as estruturas armónicas básicas e as normas que as rigen.

Improvisar, individual ou colectivamente, breves melodías tonales o modales, ou pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos do lenguaje musical.

Através deste criterio de avaliación valorarásese a capacidade do alumno ou alumna para improvisar sobre modelos tonales e modales básicos, así como para seleccionar e usar os elementos morfolóxicos do lenguaje musical, previamente traballados, de acordo con unha idea e con una forma musical.

Avaliarásese, a través do resultado da improvisación, a súa capacidade creativa e imaxinación musical.

Asimesmo, mediante este criterio avaliarásese a actitude do alumno ou alumna para integrarse como un membro máis no grupo, de forma responsable, igualitaria e cooperativa.

Recoñecer auditivamente e describir con posterioridad os rasgos característicos das obras escoitadas ou interpretadas.

Mediante este criterio de avaliación valorarásese a capacidade do alumno ou alumna para, a partir da audición de obras ou fragmentos musicais de repertorios variados,

identificar os elementos propios de cada linguaxe musical: rítmicos, melódicos, tonales, modales, cadenciales, formales, tímbricos, modos de ataque, articulaciones ou outros.

Os aspectos a recoñecer na audición obxecto de análise serán seleccionados previamente ou identificados polo alumno ou alumna como os máis notorios. Asimesmo evaluaráse a capacidade do alumno ou alumna para expresar, oralmente ou por escrito, os rasgos característicos das obras musicales escoitadas, utilizando a terminoloxía adecuada.

Valoraráse a capacidade para argumentar e contrastar ideas, a través do diálogo ou debates, respetando as dos demais.

Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras dun repertorio seleccionado previamente polo alumno ou alumna.

Con este criterio evaluaráse a capacidade do alumno ou alumna para memorizar e interpretar, individual ou colectivamente, fragmentos de obras, vocales ou instrumentales, previamente seleccionadas e traballadas na aula.

Valoraráse a calidade da interpretación, a sensibilidade musical e a capacidade expresiva do alumno ou alumna, así como a súa actitude tolerante e respetuosa ante outras interpretacións, aceptando as propias capacidades interpretativas e expresivas e as do resto dos membros do grupo.

Este criterio trata de avaliar o coñecemento do repertorio do alumno ou alumna, a súa capacidade de memorización, o desenrolo da súa sensibilidade musical, a súa capacidade expresiva, así como a súa actitude ante a música e os compañeiros.

Improvisar ou compoñer e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movementos coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos.

Con este criterio evaluaráse a capacidade do alumno ou alumna para crear ou improvisar unha pequena obra musical sobre unha melodía dada, así como para usar e combinar, de forma individual ou en grupo, elementos morfolóxicos da linguaxe musical previamente traballados.

Asimismo, valoraráse a súa capacidade para construír, a través do movemento, unha creación coreográfica adecuando a súa concepción o carácter expresivo da obra.

Evaluaráse a capacidade para traballar en equipo de maneira igualitaria e cooperativa, respetando as normas e as regras que rixen a actividade do conxunto, e disfrutando e

integrándose dentro do grupo, aceptando as súas propias capacidades expresivas e as do resto dos seus compañeiros e compañeras.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de aprehensión dos conceptos teóricos da lingua musical e da capacidade do alumno ou alumna pra usarlos e combinálos na creación dunha pequena obra musical, a súa capacidade para construír a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción o carácter expresivo da obra, así como a súa disposición para realizar un traballo de maneira cooperativa integrándose como un membro máis dentro dun grupo.

Realizar traballos ou exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación musical. Con este criterio valorarase o grao de desenvolvemento alcanzado polo alumno ou alumna no uso do software destinado a manipulación do son e a edición de partituras musicais, así como o seu grao de aprehensión das posibilidades acústicas do son e o seu tratamento analóxico e dixital. Asímismo avaliarase a capacidade para facer uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles na realización de sinxelas producións audiovisuais que integren son, imaxe e texto.

Percibir, identificar e transcribir os elementos básicos da lingua musical e interpretar unha obra breve ou fragmento musical a partir dunha partitura adecuada o nivel.

Con este criterio avaliarase a capacidade do alumno ou alumna para escribir ou ler unha partitura musical adecuada o nivel e para identificar e valorar as diferencias que se produzan entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado. Asímismo permitirá avaliar a capacidade de aceptar as capacidades perceptivas e interpretativas propias e as do resto dos compañeiros e compañeras.

A avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos será continua e formativa. Farase, tamén, unha avaliación inicial dos coñecementos dos alumnos ou das alumnas, pois algúns deles ou algunhas delas xa estudaron francés noutro momento da súa vida, e é conveniente para o profesor ou profesora coñecer os diferentes niveis para poder diversificar correctamente a súa tarefa. A forma de obter a nota académica final é a partir dunha avaliación sumativa integrada polos resultados da avaliación do profesorado, da auto avaliación e da co avaliación. As cualificacións emitiranse cada trimestre coincidindo coas avaliacións fixadas dende Xefatura de Estudos. Para emitir esa cualificación seguiranse os procedementos descritos a continuación.



#### **CUARTO CURSO e bacharelato**

1. Explicar algunhas das funcións que consegue a música na vida das persoas e na sociedade. Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento do alumnado acerca do papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotián, espectáculos, medios de comunicación, etc.
2. Analizar diferentes pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos impresos como partituras, comentarios ou musicogramas e describir as súas principais características. Este criterio intenta avaliar a capacidade do alumnado para identificar algúns dos elementos distintivos dunha obra musical e para describir, utilizando unha terminoloxía axeitada, aspectos relacionados co ritmo, a melodía, a textura ou a forma. A análise realizarase sempre en situacións contextualizadas e a partir de audicións de obras previamente traballadas na aula ou con características similares ás mesmas.
3. Expoñer de forma crítica a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en distintas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc. Este criterio pretende avaliar a capacidade para expresar unha opinión fundamentada respecto a unha obra ou un espectáculo musical, así como a habilidade para comunicar de forma oral ou escrita e argumentar correctamente as propias ideas apoiándose na utilización de diferentes fontes documentais.
4. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental ou unha coreografía aprendida de memoria da audición ou observación de grabacións de audio e vídeo ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos. Con este criterio trátase de comprobar a autonomía do alumnado e a súa disposición e colaboración con outros membros do grupo, seguindo os pasos necesarios e introducindo as medidas correctivas axeitadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
5. Participar activamente nalgunhas das tarefas precisas para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc. A través deste criterio preténdese valorar o coñecemento do alumnado dos pasos que se seguirán na organización e posta en marcha dun proxecto musical, a súa iniciativa e

o seu interese pola búsqueda de solucións ante os problemas que poidan xurdir.

6. Explicar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical considerando a intervención de distintos profesionais. Este criterio pretende avaliar o coñecemento do alumnado sobre o proceso seguido en distintas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel representado en cada unha das fases do proceso polos diferentes profesionais que interveñen.

7. Elaborar un arranxo para unha peza musical a partires da transformación de distintos parámetros (timbre, número de voces, forma, etc.) nun ficheiro MIDI, empregando un secuenciador ou un editor de partituras. Con este criterio inténtase avaliar a capacidade do alumnado para empregar diferentes recursos informáticos ao servizo da creación musical. Trátase de valorar a aplicación das técnicas básicas necesarias para utilizar uns cantos dos recursos tecnolóxicos ao servizo da música e a autonomía do alumnado para tomar decisións no proceso de creación

8. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento empregando diferentes recursos informáticos. Este criterio pretende comprobar os criterios de selección de fragmentos musicais axeitados á secuencia de imaxes que se pretenden sonorizar e a aplicación das técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.

Respecto os procedementos de avaliación, farase en primeiro lugar unha identificación da calidade do que queremos avaliar. A avaliación comprensiva está baseada fundamentalmente na experiencia persoal. Emplearánse os adecuados os criterios de avaliación, para o que se comprobará a súa capacidade para: Interpretar una canción individual ou colectivamente con o sen compañía instrumental.

Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra musical.

Realizar un traballo coas novas tecnoloxías aplicadas a creación musical.

Interpretar co grupo unha obra previamente traballada na clase.

Identificar e transcribir os elementos básicos da linguaxe musical.

Capacidade de valorar as obras musicales estudadas no seu contexto histórico e cultural, relacionándoas con outras obras da época

## Criterios de cualificación

Eso bacharelato	Nota avaliación	Actitude e Comportamento 10%	Actividades E tarefas 10%. Media aritmética dos traballos realizados x 0'3	Probos especificas 80%.
	0 a 10 puntos	0 a 1 punto	0 a 1 puntos	0 a 8 puntos
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•Trae o material</li> <li>•Actitude c</li> <li>•Asistencia regular e puntualidade</li> <li>•Puntualidade na entrega de tarefas</li> <li>•Respecta os compañeiros e as compañeiras e o profesorado</li> <li>•Coida o material e a aula</li> <li>•Autonomía no proceso de aprendizaxe</li> <li>•Grao de motivación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Realización dos exercicios do libro no caderno</li> <li>•Caderno do alumno/alumna ben presentado e limpo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Probos escritas (exames controis .ritmo danza ou fruta</li> <li>• Participación activa en distintas actividades que se propoñen no seminario</li> </ul>
	Máximo 10 puntos	Máximo 1 punto	Maximo 1 punto	Maximo 8 puntos nota de avaliación
			Se nunha avaliación non hai probas específicas, a porcentaxe de actividades e tarefas será un 90% da nota da avaliación	

## DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A principios do curso realizarase en todos os niveis unha

avaliación inicial.1

<b>2° eso</b>	A avaliación inicial neste nivel é un pouco especial dado que a maioría do alumnado carece de coñecementos previos ou os ten esquecidos. Realización dunha proba escrita para valorar a adquisición dos contidos mínimos esixidos no nivel anterior dende E.X.B
<b>3° ESO</b>	Realización dunha proba escrita para valorar a adquisición dos contidos mínimos esixidos no nivel anterior
<b>4° ESO</b>	Realización dunha proba escrita para valorar a adquisición dos contidos mínimos esixidos no nivel anterior
<b>1° BACH e 2° de bach</b>	Realización dunha proba escrita para valorar a adquisición dos contidos mínimos esixidos no nivel anterior

Na ESO estas probas servirán para detectar o nivel do alumnado e de ser o caso adecuar medidas de reforzo para

### 7.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

**Segundo o artigo 23 da ley.** decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Os criterios de promoción quedan especificados así.

As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións: a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e

Matemáticas. b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas. 3. Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores. 4. O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

5. En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

6. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Os centros docentes

organizarán este plan de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

7. Coa finalidade de facilitar que todo o alumnado logre os obxectivos e alcance o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, a consellería con competencias en materia de educación establecerá medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico. Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica. O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

Artigo 24. Título de graduado en educación secundaria obrigatoria e certificacións 1. Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cumprirá a superación da avaliación final, así como unha cualificación final desta etapa igual ou superior a 5 puntos sobre

10. A cualificación final da educación secundaria obrigatoria deducirase da seguinte ponderación: a) Cun peso do 70 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria. b) Cun peso do 30 %, a nota obtida na avaliación final da educación secundaria obrigatoria. En caso de que o alumno ou a alumna superasen a avaliación polas dúas opcións de avaliación final a que se refire o artigo 22.

11. 1, para a cualificación final tomarase a máis alta das que se obteñan, tendo en conta a nota obtida en ambas as opcións. En caso de que se obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria pola superación da proba para persoas maiores de dezaioito anos, a cualificación final da educación secundaria obrigatoria será a obtida na devandita proba.

2. No título deberá constar a opción ou as opcións polas que se realizou a avaliación final, así como a cualificación final da educación secundaria obrigatoria. Farase constar no título, por dilixencia ou anexo a este, a

nova cualificación final da educación secundaria obrigatoria cando o alumno ou a alumna se presentasen de novo á avaliación pola mesma opción para elevar a súa cualificación final. Tamén se fará constar, por dilixencia ou anexo, a superación polo alumno ou a alumna da avaliación final por unha opción diferente á que xa conste no título, en cuxo caso a cualificación final será a máis alta das que se obteñan tendo en conta os resultados de ambas as opcións.

3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria permitirá acceder ás ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de acordo cos requisitos que se establecen para cada ensinanza.

4. Os alumnos e as alumnas que cursen a educación secundaria obrigatoria e non obteñan o título ao que se refire este artigo recibirán unha certificación con carácter oficial e validez en toda España. Esta certificación será emitida polo centro docente no que o alumno ou a alumna estivese matriculado/a no último curso escolar e nela consignaranse os seguintes elementos: a) Datos oficiais identificativos do centro docente. b) Nome e documento acreditativo da identidade do/da estudante. c) Data de comezo e finalización da súa escolaridade. d) As materias ou os ámbitos cursados, coas cualificacións obtidas nos anos que permaneceu escolarizado/a na educación secundaria obrigatoria. e) Informe da xunta de avaliación do último curso escolar no que estivese matriculado/a, no que se indique o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes, así como a formación complementaria que debería cursar para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Para estes efectos, a consellería con competencias en materia de educación porá á disposición dos centros docentes os instrumentos necesarios para realizar este informe. A Administración educativa determinará, en función do contido das letras d) e e), as partes que se consideran superadas das probas que organice para o acceso aos ciclos formativos de grao medio ou, nos termos previstos no artigo 68.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

5. Tras cursar o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, así como despois de cursado o segundo curso cando o alumno ou a alumna vaian incorporarse de xeito excepcional a un ciclo de formación profesional básica, entregaráselles aos alumnos e ás alumnas un certificado dos estudos cursados, co contido indicado nas letras a) a d) do apartado 4, e un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes.

**8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE Poidan TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS**  
Este apartado está tratado no apartado 7 e concretamente en cada curso dentro da programación de aula, apartado 4 desta programación.

**9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUEMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

**3° de ESO.** Os alumnos de terceiro de ESO coa pendente de 2° teñen tres controles teóricos o longo do curso, unha por trimestre. O control é casi diario pois son alumnos matriculados en 3° de ESO. Para recuperar a pendente cada 15 días se lles da unha serie de exercicios e preguntas clave que revisa periodicamente a xefa de seminario, ademais sempre poden consultar as dúbidas nos recreos xa que non hai hora de recuperación para pendentes no horario da xefa de seminario. Si o alumno aproba a materia de terceiro automaticamente queda aprobada a materia de 2°.

**4° de ESO.** Os alumnos coa materia de 3° pendente, teñen tres controles teóricos o ano coincidindo co remate de cada trimestre. O seguemento destes alumnos é casi continuo tendo que entregar cada 15 días as fichas ou traballos que se propoñen puntualmente.

**1° de bacharelato.** A materia de Linguaxe e Práctica musical recuperarase mediante traballos o longo do curso e de tres controles coincidindo co final de cada trimestre.

As datas dos controles anunciaranse no taboleiro e a través dos titores.

**Avaliación** Farase, seguindo a normativa, por medio de tres procedementos non excluíntes e complementarios. Será responsabilidade do profesorado implicado seleccionar o, ou, os que lle parezan máis axeitados.

- Valoración do traballo presentado ao longo do curso académico.
- Realización de 2 probas parciais (a primeira despois das vacacións do Nadal e a segunda despois das vacacións de Semana Santa) e unha final se as anteriores non foron superadas satisfactoriamente no mes de maio e se é o caso unha convocatoria extraordinaria en setembro.

Estes exames realizaranse en datas fixadas pola Dirección do Centro e serán propostos polo profesorado que dea clase nos niveis que deben ser recuperados e supervisados polo Xefe de Departamento.

O traballo presentado durante o curso antes de cada parcial representará o valor do 20% da nota final, sendo o 80% restante para o exame.



• Convocatoria extraordinaria en setembro: Se un alumno ou unha alumna non recupera a materia durante o curso e ten que presentarse á convocatoria de setembro deberá presentar un traballo encomendado polo xefe ou pola xefa de departamento que será o 20% da nota final, sendo o 80% restante para o exame.

**10º ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, EN BACHARELATO.**

Este apartado queda explicado na programación de aula que fago para cada curso e nivel no punto 4 da programación.

**11- MEDIDAS DE ATENCIÓN DIVERSIDADE. ADAPTACIÓNS CURRICULARES PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAES e ALTAS CAPACIDADES INTELECTUALES.**

Prestarase especial atención o desenrolo daqueles contidos nos que os alumn@s solen atopar maiores dificultades de asimilación.

Terase en conta que non todos os alumn@s adquiren o mesmo tempo os contidos da programación. Para asegurar un nivel de aprendizaxe básico, daranse oportunidades de recuperar o non adquirido no seu momento.

Na aplicación práctica dos contidos a profesora observará, analizará e recollerá no seu caderno o que facer de cada alumn@, adaptando a programación as peculiaridades de cada persoa.

Procurarase que as actividades de aprendizaxe sexan variadas, con maiores posibilidades de elección e diferentes graos de dificultade.

As adaptacións curriculares e apoios para o alumnado con necesidades educativas especiais e de altas capacidades intelectuais faranse cando se dispoña de información oficial.

Ditas adaptacións deben realizarse de modo que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

**12-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRASVERSAIS QUE SE TRABALLARAN NO CURSO QUE CORRESPONDA:**

<b>1º/ 2º de ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>· Respecto polos sentimentos e emocións propios e alleos.</li><li>· Educación para a saúde por medio dunha correcta alimentación e o exercicio dalgún deporte.</li><li>· Respecto e tolerancia cara ás opinións e actitudes alleas.</li><li>· Respecto pola natureza. · Respecto pola diversidade, de sexo, nacionalidade, raza, orientación relixiosa ou sexual.</li></ul>
----------------------	---

	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Coñecemento dos costumes dun país distinto do propio.</li> <li>· Educación viaria</li> </ul>
<b>3º/4º de ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos</li> <li>· Educación para a paz</li> <li>· Educación para a saúde e educación sexual</li> <li>· Educación moral e cívica</li> <li>· Educación ambiental</li> <li>· Educación do consumidor</li> </ul>
<b>1º/2º BAC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Desenvolvemento sostible e medio ambiente.</li> <li>· Riscos de explotación e abuso sexual.</li> <li>· Abuso e maltrato a persoas con discapacidade.</li> <li>· Situacións de risco derivadas do uso non axeitado da utilización das TIC</li> <li>· A protección ante emerxencias e catástrofes.</li> <li>· Afianzamento de iniciativas emprendedoras.</li> <li>· Fomento de igualdade de oportunidades.</li> <li>· Hábitos saudables.</li> <li>· Mellora da convivencia.</li> <li>· Seguridade viaria</li> </ul>

**EN BACHARELATO:**

O presente documento amosa *integradas as ensinanzas transversais nos obxectivos, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación*. A área de música concretará a súa relación coas ensinanzas transversais nas propostas da aula.

Podemos amosa-la vinculación coa educación *moral, cívica, para a paz e para a igualdade de oportunidades entre sexos* por medio do fomento ó desenvolvemento de actitudes como:

- A tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a obras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios, asumindo que a discrepancia é necesaria para alcanzar solucións máis ricas e integradoras.
- Crítica ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social, etc.
- Disposición aberta a buscar parte da explicación de sucesos actuais nos seus antecedentes históricos.
- Valoración crítica dos prexuízos sexistas presentes nos nosos costumes e recuperación e integración do patrimonio cultural das mulleres.
- Disposición aberta a buscar parte da explicación de sucesos actuais nos seus antecedentes históricos.
- Valoración dos dereitos humanos como unha conquista histórica e rexeitamento de calquera forma de violación dos mesmos, así como de todo tipo de discriminación por

razóns de idade, sexo, raza, nacionalidade e relixión.

Tamén a educación para a saúde, para o consumo, ambiental e viál cobran importancia subliñando actuacións vinculadas a contidos do seguinte tipo:

- Interese por coñecer e gozar de obras e obxectos artísticos.
- Contribución á conservación do patrimonio histórico - artístico.
- Interese por descubrir e coñecer territorios e paisaxes de distinto tipo.
- Disposición favorable á conservación e mellora do medio natural.
- Recoñecemento dos graves problemas ós que se enfronta a vida humana sobre a Terra.
- Sensibilidade cara á racionalización no uso dos recursos naturais.
- Actitude crítica ante o reparto desigual dos recursos e solidariedade cos que sofren escaseza de alimentos e recursos.
- Disposición activa á cooperación por conserva-los restos e vestixios do pasado

### **13- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE**

E importante facer notar que na práctica diaria, o comportamento lamentable e imposible de corrixir de bastantes alumnos (froito de carencias educativas, afectivas ou doutra clase), fan que, con frecuencia, haxa que recorrer a estratexias moi complexas de explicar e de entender nunha memoria destas características e que van encamiñadas a lograr, na medida do posible, o principio irrenunciabile da práctica docente do noso departamento, que é a de que, sen distincións de ningún tipo, o maior número de alumnos aprendan e saquen proveito do máximo de coñecementos que poidan adquirir. Con cursos de segundo, terceiro, e cuarto seguiuse o libro e fixéronse tódalas actividades e propostas o remate de cada unidade, sumado a isto á atención personalizada son as estratexias docentes que puxemos en práctica e que perfílanse tamén como as mais doadas de cara o vindeiro curso. O emprego de instrumentos da aula e da practica da danza han de ser tidos en conta en calquera dos niveis porque aínda que custa traballo levar a cabo esta actividade resulta moi gratificante e ten moi boa acollida entre os alumnos xa que dulcifica o ambiente moitas veces crispado polo mal comportamento dalgúns alumnos como xa mencionei o longo da memoria

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA 2017-18**

14-Asistiremos coma tódolos anos os concertos didácticos que programa o auditorio de Galicia para escolares ou o teatro principal . Son as seguintes

Actividade	Curso	Grupo	Com	Ext	Data (ou trimestre)	Custe
Teatro musical no teatro principal	2º ESO	A		x	martes16 de xaneiro	De balde
Teatro musical no teatro principal	2º ESO	B		x	Xoves 28 de febreiro	De balde
Concerto didáctico no auditorio de Galicia	2º ESO	C		x	Martes 23 de xaneiro	Só autobús Se chove
Concerto didáctico e audiovisuales no auditorio de Galicia	3º ESO	A		x	Luns 26 de febreiro	Só autobús Se chove
Música e conto no auditorio de Galicia	3º ESO	B		x	Venres 10 de novembro	Só autobús Se chove
Música vocal no Auditorio de Galicia	3º ESO	C		X	Mércores 24 de xaneiro	Só autobús Se chove
Música danza e teatro, ritmo e palabra no auditorio de Galicia	1º BAC	A		x	Só os que teñen música 26 de xaneiro mais o 4 de abril	Só autobús Se chove
Música danza e teatro, ritmo e palabra no auditorio de Galicia	1º BAC	B			Só os que teñen música 26 de xaneiro, mais o , 4 de abril	Só autobús Se chove
Música danza e teatro, ritmo e palabra no auditorio de Galicia	1º BAC	C			Só os que teñen música 26 de xaneiro,e 4 de abril	Só autobús Se chove
Música danza e teatro, ritmo e palabra no auditorio de Galicia	2º BAC	A			Só os de música 26 de xaneiro, 4 de abril	Só autobús Se chove

Actividade	Curso	Grupo	Com	Ext	Data (ou trimestre)	Custe
Música danza e teatro, ritmo e palabra no auditorio de Galicia	2º BAC	B			Só os que teñen música 26 de xaneiro, mais o 4 de abril	Só autobús Se chove
Música danza e teatro, ritmo e palabra no auditorio de Galicia	2º BAC	C			Só os que teñen música 26 de xaneiro, mais o 4 de abril	Só autobús Se chove

**-Actividades en coordinación coa biblioteca,** nás xornadas de lectura organizadas polo profesorado do centro de acordo co "Plan lector", respetando as datas dispostas.

**-CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MÚSICA O 21 DE XUÑO,** con actuacións musicales ensayadas o longo do ano si a miña carga horaria mo permite.  
Axuda para preparar a graduación dos alumnos de 2º de bacharelato.

**-RECREOS MUSICAIS PARA O NADAL**

#### **15 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos**

A programación foi feita deixando un amplo marxe de operatividade, para que resultara moldeable en función dunhas necesidades imposibles de prever a comezos do curso. Algúns contidos como o dos sistemas de gravación e reprodución, e tamén o das novas tecnoloxías (son os temas derradeiros, tanto no libro de 3º como no de 4º e 1º de bach, son temas que se empregan na práctica de cada día polo tanto non os contabilizamos para exame.

Na programación contemplase unha actividade personalizada que complementa o estudio académico como é a práctica e aprendizaxe dun instrumento .

**Modificacións na programación.** Fixen referencia anteriormente a que, no terreo da música, dadas as súas

peculiares características, resulta pouco menos que imposible predeterminar con eficacia posibles cambios a introducir na programación do vindeiro ano hasta que o profesorado tome contacto cos grupos de alumnos e as súas características

Diferentes acontecementos, como a morte dun compositor ou intérprete famoso, noutras ocasións felices, como a visita a Santiago dalgún músico destacado, así como algún aniversario histórico relevante, fan que, de improviso, poñamos en funcionamento unha tradición do noso departamento que e a de dedicar a ese asunto en concreto algunhas sesións especiais que non puideron preverse inicialmente.

**Modificacións na metodoloxía.** Ata o de agora, a revisión das programacións en curso facíase especialmente ao final de cada trimestre, coincidindo coas avaliacións. En reunións de departamento, evidentemente, tamén se trataba ese tema.

A revisión dos contidos das programacións iranse concretando a medida que avanzamos no curso.

**Modificacións nas actividades de aula.**

Seguimos coas mesmas actividades, emprego de instrumentos de percusión, de vento de corda . danzas dos distintos países .

No curso pasado inda que representa un sacrificio (para os alumnos e a profesora) mereceron a pena as reunións no que demos en chamar "o taller de música" nos recreos na aula de música. Aquí pode entrar e actuar con instrumentos, voz ou danza todo aquel que teña inquiredanzas de música. O resultado non puido ser mellor tanto para alumnos como para profesores que se acercaban o noso taller e expoñían as súas experiencias musicais, aquí preparamos o longo do curso as actuacións para festivais de Nadal, de Antroido, letras galegas, despedida de alumnos de 2º de bacharelato, festival fin de curso etc.

**PLAN DE REVISIÓN DAS PROGRAMACIÓNS E OUTROS ASPECTOS.**

Ata o de agora, a revisión das programacións en curso facíase especialmente ao final de cada trimestre, coincidindo coas avaliacións. En reunións de departamento, evidentemente, tamén se trataba ese tema.

A revisión dos contidos das programacións iranse concretando a medida que avancemos no curso nas correspondentes reunións de departamento que sexan convocadas.

**AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE**

E importante facer notar que na práctica diaria, o comportamento lamentable e imposible de corrixir de bastantes alumnos (froito de carencias educativas, afectivas ou doutra clase), fan que, con frecuencia, haxa que recorrer a estratexias moi complexas de explicar e de entender nunha memoria destas características e que van encamiñadas a lograr, na medida do posible, o principio irrenunciabile da práctica docente do noso departamento, que é a de que, sen distincións de ningún tipo, o maior número de alumnos aprendan e saquen proveito do máximo de coñecementos que poidan adquirir. Con cursos de segundo, terceiro, e cuarto seguiuase o libro e fixéronse tódalas actividades e propostas o remate de cada unidade, sumado a isto á atención personalizada son as estratexias docentes que puxemos en práctica e que perfílanse tamén como as mais doadas de cara o vindeiro curso. O emprego de instrumentos da aula e da practica da danza han de ser tidos en conta en calquera dos niveis porque aínda que custa traballo levar a cabo esta actividade resulta moi gratificante e ten moi boa acollida entre os alumnos sobre todo de cara a intervencións en actos ,como festival de Nadal, Antroido, festival da danza, festivais de fin de curso, xa que dulcifica o ambiente moitas veces crispado polo mal comportamento dalgúns alumnos como xa mencionei o longo da memoria

- PROCEDIMENTOS E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN/PRÁCTIVA DOCENTE. Como ven sendo habitual dende fai dous anos, a programación do departamento está publicada na páxina web do centro no apartado correspondente aos departamentos, na sección de francés.

Para o alumnado de novo ingreso facemos unha sesión de navegación a través da web do centro para que saiban como acceder a toda a información que poden atopar nela. Para o resto do alumnado facemos referencia a necesidade de consultar a web do centro para acceder a este documento e calquera outro que sexa de interese.

A avaliación da programación deberá incluír os seguintes elementos:

- Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes logradas polo alumnado.
- As medidas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. Unha vez por trimestre, rematadas as avaliacións do proceso de aprendizaxe, o departamento procederá á valoración da programación con respecto aos resultados obtidos e tomarase nota dos cambios que se terán que facer na programación do curso lectivo seguinte quedando este reflectido nas actas de Departamento e recollido ao final do curso na memoria anual.

Procedementos de valoración: valorarase a programación en

función da observación das dinámicas dos grupos e dos resultados que se van acadando ao longo do trimestre; deste xeito na escala de observación para determinar da conveniencia ou non da programación valoráranse os seguintes aspectos:

· Os contidos foron relevantes e significativos? ·

A distribución temporal das unidades didácticas foi satisfactoria?

As actividades de aprendizaxe responden aos obxectivos propostos?

· A metodoloxía foi activa e participativa? ·

Fixéronse actividades diversificadas de acordo coas necesidades do alumnado?

· Fixose unha avaliación continua? ·

Contempláronse os procedementos e actitudes? ·

Como consecuencia da avaliación, modificouse a práctica docente de ser necesario? ·

O alumnado tivo coñecemento dos mínimos esixibles e dos criterios de avaliación? · Empregáronse todos os medios necesarios para a recuperación? ·

· Fíxose unha coavaliación (profesor/alumnado)? ·

Desenvolvéronse todos os temas transversais programados? ·  
Realizáronse todas as actividades compleme

#### **Marco normativo.**

Para a elaboración desta programación tívose en conta a lexislación vixente, en particular a directamente relacionada coa mesma:

- *Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e corrección de erros da mesma (DOG 8 de febreiro de 2008).*
- *Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo).*
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para la mejora de la calidad educativa*
- *Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato*
- *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*



- Instrucións no curso académico 2016/2017 para a implantación do currículo da ESO e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

.Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## **NORMAS XERAIS para a aula de música**

- 1.É obriga do alumno traer caderno e bolígrafo a clase.
- 2.É obriga do alumno facer os deberes e entregalos no tempo estipulado.
- 3.É obriga do alumno realizar ou entregar todos os traballos de clase. Para facer os traballos presenciais atrasados por falta de asistencia é imprescindible entregar xustificante oficial do centro asinado polo titor.
- 4.Valorarase negativamente e entenderase como desinterese cara á materia a falta de asistencia a concertos didácticos e actividades organizadas polo departamento. As ausencias computarán como falta de asistencia ao centro durante esas horas salvo que os pais declaren expresamente que non desexan que o seu fillo asista á actividade. A perda ou non entrega de autorización baixará 0,5 a nota da avaliación.
- 5.Toda saída didáctica irá asociada a un traballo de clase ou a unha crítica musical que levará a súa correspondente cualificación.
- 6.Os exames non se cambiarán de data baixo ningún concepto salvo casos de forza maior, p.e. enfermidade do profesor. Neste caso o exame trasladarase automaticamente ao día da súa reincorporación.
- 7.Se un alumno falta a un exame, sexa teórico ou práctico, o mesmo día da súa reincorporación deberá entregar un xustificante especial á profesora (policía, xulgado, médico...). O exame se lle repetirá o mesmo día. Do contrario fará a recuperación na avaliación seguinte.
- 8.As faltas de asistencia e puntualidade rexistraranse na folla de faltas do titor, para que este informe aos pais. A perda da avaliación continua será por 18 faltas.
- 9.Os móbéis deberán estar apagados ou en silencio durante a clase, e fóra da vista de profesor e alumno. Do contrario requisaranse ata que o pai ou nai os recolla na xefatura.
- 10.Queda terminantemente prohibido introducir comida na clase, mesmo gomas de mascar. A conduta contraria pode ser obxecto de sanción.

Santiago a 15 de setembro de 2017

A xefa de departamento  
M<sup>a</sup> del Carmen Cobo Dominguez.